

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2008.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vintetres de decembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 4 de novembro de 2008.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE MONTAJES TUBACER, S.L EN REPRESENTACIÓN DE ALCOA – ALUMINA ESPAÑOLA, S.A RELATIVA A AUTORIZACIÓN DE OBRAS DE DESVÍO E CANALIZACIÓN SOTERRADA CON BOMBEO DO RÍO REATELO NO LUGAR DE AS CRUCES – LAGO.

Vista solicitude formulada por Montajes Tubacer, S.L con CIF nº: B-15832645 e con domicilio en Rúa Chousa, 42 – 48 (15405 Ferrol), en representación de Alcoa – Alumina Española, S.A, para autorización de obras de desvío e canalización soterrada con bombeo do río Reatelo no Lugar de As Cruces – Lago (Xove). Expediente nº: 3477/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que: De acordo coa situación da parcela e as instalacións que se pretenden e ao amparo do articulado 41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informe que proceda doutras administracións, debeuse solicitar no seu día a correspondente Autorización Autonómica; dita autorización cuantifica no outorgamento desta licenza e as condicións de edificación de acordo co previsto no Artigo 42 desta Lei.

Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.

Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.

As obras disporán do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.

Habida conta que ao amparo do articulado 41.1 e 41.2, solicitouse no seu día a correspondente autorización Autonómica, dita autorización, cuantificou o outorgamento desa licenza e os seus condicionantes no informe emitido pola Consellería de Medio Ambiente - Augas de Galicia.

Expediente favorable de data 24-09-2008 e con rexistro de saída nº 12464 do 24 do 09 do 2008.

De acordo coa documentación obrante no expediente, infórmase favorablemente as obras que se pretenden executar, as cales deberán de axeitarse ao previsto no informe emitido por Augas de Galicia .

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

2º) Valórase o presuposto da obra en 309.373,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 6.187,46€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 2 meses e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. ANTONIO VÁZQUEZ DÍAZ RELATIVA A AUTORIZACIÓN DE OBRAS DE ENTUBAMENTO DO REGO DA CROA PARA PASO A FINCA DO POLÍGONO 72 PARCELA 10 SITA NO LUGAR DE GONDAR – MONTE.

Vista a solicitude de D. Antonio Vázquez Díaz con DNI nº: 33751654-M e con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte), para autorización de obras de entubamento do Rego da Croa para paso a finca sita no Polígono 72 Parcela 10 en Gondar – Monte. Expediente nº: 3468/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que: de acordo coa situación da parcela e as instalacións que se pretenden e ao amparo do articulado 41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, debeuse solicitar no seu día a correspondente Autorización Autonómica; Dita autorización cuantifica no outorgamento desta licenza, e as condicións de edificación de acordo co previsto no Artigo 42 desta Lei.

Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecuó das obras a licenza outorgada.

Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.

As obras disporán do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.

Habida conta que ao amparo do articulado 41.1 e 41.2, solicitouse no seu día a correspondente autorización Autonómica, dita autorización, cuantificou o outorgamento desa licenza e os seus condicionantes no informe emitido pola Consellería de Medio Ambiente - Augas de Galicia.

Expediente favorable de data 23-09-2008 e con rexistro de saída nº 12290 do 23 do 09 do 2008.

De acordo coa documentación obrante no expediente, infórmase favorablemente as obras que se pretenden executar.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

2º) Valórase o presuposto da obra en 300,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 6,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 2 meses e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. ANTONIO ARANZANA PADILLA RELATIVO A REPARACIÓN DE PAREDES E LIMPEZA DE PARCELA SITA EN VILA – RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D. Antonio Aranzana Padilla con D.N.I nº:01.814.865-G e con domicilio en Avda. Zarzuela, 63 Rivas (28529 Madrid), para realización de obras de reparación de paredes e limpeza de parcela sita en Vila – Rigueira. Expediente nº: 4070/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as paredes da edificación que se pretende arranxar e a limpeza da parcela, de acordo coa documentación achegada, subscrita polo interesado sitúanse dentro da zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103.- Capítulo III.- Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Vila – Rigueira (Xove). Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art. 120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS como no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a edificación que se pretende remozar, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo Rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende arranxar, de acordo coa solicitude que se achega, adáptase a tipoloxía do ámbito.

- As obras que se pretenden, pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, diferentes dos de arranxo das fachadas, nin supoñerán aumento de volume.
 - Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións da edificación.
 - Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto na execución das obras como da vía.
 - Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.
 - De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€
- 4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 3 meses e 1 ano para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D^a. MANUELA QUELLE FERNÁNDEZ RELATIVO A ARRANXO DE COCIÑA EN ALBARAN – SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D^a. Manuela Quelle Fernández con D.N.I nº: 33704548-A con domicilio en Albaran, 25 (27878 Sumoas), para realización de obras de arranxo de cociña na vivenda sita en Albaran, 25 – Sumoas. Expediente nº: 4142/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de LOUPMRG.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art. 120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS como no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a edificación que se pretende remozar, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo Rural, pódese outorgar a licenza que se solicita. Arranxo de Cociña.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos nos espazos exteriores deberán estar perfectamente valladas na zona de arcén, coas sinalización obrigatorias, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, dispoñerán do correspondente seguro de responsabilidade civil.
- O ámbito da edificación polo posible depósito de entullos deberá quedar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
- Habida conta que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, terán consideración de obra menor e pola súa condición de obras de acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais nin suporán aumento de volume da edificación existente.
- Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento ao solicitado.
- Así mesmo ditas obras non poderán incidir negativamente nin variar as condicións de habitabilidade do edificio de acordo co vixente Regulamento.
- Durante a execución dos traballos tomaranse por parte da contrata as pertinentes medidas de seguridade tanta na execución das obras como da vía.
- A licenza outorgase con independencia dos estatutos que a Comunidade do Edificio teña establecido así como os permisos pertinentes dependentes doutras Administracións como a Consellería de Industria.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 10.363,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 207,26€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5) SOLICITUDE DE D. CARLOS OTERO UZ, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN ESTEIRO – XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. Carlos Otero Uz con D.N.I. nº:77594309Z, con domicilio en C/ Rio dos Foles, 15 – 3ºB (27850 Viveiro) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar sita en Esteiro – Xuances.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Obra prevista no proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en Esteiro – Ceranzos(Xove). Vivenda unifamiliar composta de semisótano e planta baixa.

Obra executada: Vivenda unifamiliar composta de semisótano e planta baixa, sen variación de superficie da obra prevista no proxecto e licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Informe: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo do Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación atópase executada na súa totalidade

Vivenda totalmente executada rematada interiormente e pintada exteriormente podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Esteiro - Xuances, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 180,50€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

2º) Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial do Medio Ambiente, aos efectos previstos no 33 do referido regulamento.

B.6) SOLICITUDE DE D. JOSE RAMÓN ALEMPARTE YÁÑEZ RELATIVO A CERRE DE FINCA SITA EN C/ ACCESO GRUPO ESCOLAR, 14 - XOVE

Vista solicitude formulada por D. José Ramón Alemparte Yañez con D.N.I nº:33812713-E con domicilio en Acceso Grupo Escolar, 14 (27870 Xove), para realización de obras de cerre de finca sita en Acceso Grupo Escolar, 14 – Xove. Expte nº: 4487/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a vista da documentación que se achega, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Urbano. Artigo 92 Ordenación 2ª. Extensión de casco urbano.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- De acordo coa documentación que se achega e a falta de descrición gráfica, dito muro non poderá superar os 1,50 metros de altura e deberase construír en cachotaría concertada vista ou bloque de formigón pintado.
- As obras que se solicitan respectarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes, de acordo co plano de localización achegada coincidente coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.
- Aliñacións: As das Normas Subsidiarias. Ancho de vial 12,00 metros.
- Informase favorablemente a licenza que se solicita sen prexuízo de terceiros no que aos lindes contiguos refírese.
- Previo o inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.600,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 32,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.7) SOLICITUDE DE D. MIGUEL E ALADINO LOPEZ LÓPEZ, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE NAVE PARA TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS SITA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CAMBA. PARCELA 43-44

Vista solicitude formulada por D. Miguel López López con D.N.I. nº: 34637924Q e D. Aladino López López con D.N.I nº: 33997485N, con domicilio a efectos de notificacións no Polígono Industrial de Camba, P 43-44 (27877 Xuances) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación de nave para taller de reparación de vehículos sita no Polígono Industrial de Camba. Parcela 43 e 44. Expediente nº: 4358/08. Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“Obra prevista no proxecto: Nave industrial para taller de reparación de vehículos.

Licenza outorgada: Nave industrial para taller de reparación de vehículos

Obra executada: A prevista en proxecto

Certifico: A obra solicitada e aprobada, atopase executada na súa totalidade, e adaptada á vixente Normativa Urbanística, de acordo coa certificación de final de obra emitida polo seu directo D. Francisco Cotarelo Pereiro, para a nave situada nesa área do Polígono Industrial de Camba, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación”

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación de nave para taller de reparación de vehículos sita no Polígono Industrial de Camba Parcela 43-44 , que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 325,79€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.8) SOLICITUDE DE Dª DOLORES FRAGA LADRA, RELATIVO A LICENCIA PARA PINTADO DE FACHADAS EN VIVENDA SITA EN PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por Dª Dolores Fraga Ladra con D.N.I nº: 33.704.950-Z con domicilio en Portocelo, 2 (27870 Portocelo), para realización de obras de pintado de fachadas desta vivenda sita en Portocelo, 2.

Expediente 1942/08

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

1º. -A Edificación que se pretende pintar exteriormente, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo interesado, sitúase dentro do zona delimitada como Suelo no urbanizable de Protección especial de Costas. Artigo 111. -Normas subsidiarias do Concello de Xove. Portocelo.-Xove. Solo Rústico de Protección de Costas, de acuerdo con el Artigo 32.2 e da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

2º.-De acordo co previsto no Artigo 41 da LOUPMRG por parte da Consellería de Política territorial, obras públicas e transportes emitíuse o preceptivo informe favorable con data 17 de novembro, rexistro de saída 168 e clave de expediente: OT 701A 2008/54-2

3º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado. PINTADO EXTERIOR DAS FACHADAS DO INMOBLE.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

-A edificación cuí as fachadas se pretenden lucir, de acordo co solicitude que se achega, adaptación á tipoloxía do ámbito.

-As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, diferentes dos de substitución de fiestra, nin supoñerán aumento de volume.

-Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.

.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.

-Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita e unha vez executadas as obras, comprobaranse as mesmas e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.595,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 71,90€

4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 1 mes e 3 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.9) SOLICITUDE DE D. FÉLIX M. CHAVES BARRENO RELATIVO A SUBSTITUCIÓN DE TELLADO DE VIVENDA SITA EN VILAR-LAGO.

Vista solicitude formulada por D. Félix M. Chaves barreno con D.N.I nº: 05353015-H con domicilio en Vilar, 9 (27878 Lago), para realización de obras de substitución de tellado de pizarra por tella en vivenda sita en Vilar, 9 (Lago). Expediente nº : 4637/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que : A cuberta que se pretende realizar, de acordo coa documentación presentada, suscrita polo interesado, sitúase dentro do zona delimitada como Solo non urbanizable de núcleo rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas subsidiarias do Concello de Xove. Vilachá.-Portocelo.-Xove. Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro. Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de

decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a cuberta que se pretende arrancar, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural tradicional, pódese outorgar a licenza que se solicita. A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, diferentes dos de cuberta, nin supoñerán aumento de volume.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Se ben de acordo co Artigo 29.1.e da Lei 9/2002, modificada pola Lei 9/2004, a cuberta pode se de lousa ou tella, según a tipoloxía da zona, hai que facer constar que nese entorno a meirande parte das cubertas son de pizarra, en vez de tella como solicita o promotor das obras.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitátese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita, se ben, deberase ter en conta que a maior parte das edificacións do entorno teñen a cuberta de pizarra, polo que este técnico entende que se ben a solicitude e para poñer tella, o mais lóxico e que sexa de pizarra.
- Esta licenza otórgase con independencia das solicitudes que fosen precisas por parte doutras administracións.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 15.100€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 302€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32

de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MESES DE NOVEMBRO DECEMBRO 2008.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó meses de novembro-decembro de 2008 por importe de 718,45€

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D^a PILAR LOPEZ VILLARQUIDE, DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR APERTURA DE CENTRO SOCIAL DE O CRUCEIRO.

Dáse conta do escrito de D^a. Pilar López Villarquide, con DNI 32761094-D, con domicilio en O Cruceiro, 29 (27877 Xuances), no que solicita a devolución da fianza constituída no ano 2000 para a apertura do Centro Social de O Cruceiro.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) A devolución da fianza constituída en metálico por importe de 119,00€ a D^a. Pilar López Villarquide, polo devandito concepto.

2º) A notificación á interesada, aos efectos oportunos.

D.2) AUTORIZACIÓN A D. EMILIO GONZÁLEZ PETEIRA DE REDUCIÓN DE 1 METRO NO VADO PERMANENTE N° 62, SITO EN C/ ACCESO GRUPO ESCOLAR N°4.-XOVE.

